

PROXECTO POLÍTICO

CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA

O Secretario Xeral, o Consello Cidadán e a Comisión de Garantías Democráticas xa foron elixidos a nivel estatal. Seguindo a folia de ruta dos documentos aprobados na Asemblea Estatal SI SE PUEDE, apoiados por máis do 80% das compañeiras e compañeiros, atopámonos na seguinte fase do noso proceso constituínte, de cara a elixir os órganos a nivel municipal.

O proxecto de CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA, síntese identificado co do Secretario Xeral estatal Pablo Iglesias. Coincidimos plenamente coa súa estratexia para tomar democraticamente as institucións, tanto nas formas como no fondo, e pensamos que a nosa candidata á Secretaría Xeral municipal, Isabel Faraldo, representa fielmente isos principios e conta coas aptitudes necesarias para encabezar o proxecto de PODEMOS na cidade da Coruña.

O “Réxime do 78” está esgotado. Proba diso é o derrubamento do sistema bipartidista. PODEMOS provocou o 25 de maio, despois das eleccións europeas, un auténtico terremoto coa súa irrupción no panorama electoral español, representando unha nova forma de facer política. Deisaxe atrás a tradicional ancoraxe en etiquetas ideolóxicas de esquerda/dereita, substituíndoas pola dicotomía de “os de abaixo fronte aos de arriba”. Cidadanía fronte a oligarquía, fronte ás elites político-empresariais que nos levaron ao abismo da exclusión social, da pobreza e do desmantelamento dos servizos públicos e do estado do benestar. Todo isto para rescatar á banca e manter os privilexios duns poucos, que non contentos coas súas opulentas vidas, enchen os seus petos cos cartos de todos namentres lle piden á cidadanía dolorosos sacrificios.

Xurdimos como cristalización da indignación popular e dos numerosos movementos sociais que reclaman unha democracia real, que non se limite a dar cada catro anos un cheque en branco aos gobernantes. O 15-M foi unha das claves do espertar que se está a producir na nosa sociedade. Aínda que xa antes xurdiu o movemento NUNCA MAIS, xurdido fai 12 anos, deu boas mostras de como a mobilización cidadá pode actuar contra as mentiras e inacción dun goberno incompetente. A sociedade civil deu entón un exemplo ao mundo enteiro de compromiso, solidariedade e colaboración. Xentes de todos os lugares traballaron xuntos de maneira altruísta, e colleron a pa para limpar o chapapote que tinguíu de negro as nosas costas.

Esta vez temos que dar un paso máis. Debemos coller a pa de novo para expulsar aos corruptos e aos caciques que ensucian as nosas institucións. A mobilización social debe complementarse coa acción política para conseguir a transformación profunda que necesita este país. Non será doado, o medo vai mudando de bando e os resortes do poder o saben. Tratarán de poñernos paus nas rodas para impedirmos acadar a nosa meta, pero con ilusión, traballo e sacrificio, xuntas e xuntos **CLARO QUE PODEMOS**.

1. CANDIDATURAS CIDADÁS PARA RECUPERAR OS MUNICIPIOS

O documento político “CLARO QUE PODEMOS” sinálanos o camiño a seguir de cara ás eleccións municipais de maio de 2015. PODEMOS en ningún caso concorrera ás mesmas baixo dita marca. Corresponderalle á Asemblea Cidadá da Coruña decidir por cal das

seguintes opcións posicionarse:

1. Promover unha candidatura de unidade popular, aberta á participación de todos os movementos socio-políticos que desexen incorporarse á mesma.
2. Incorporarse a candidaturas cidadás xa existentes no concello.
3. Non participar nas eleccións de ningún xeito.

Debido ao contexto de emerxencia social no que nos atopamos, CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA avoga por participar activamente no proceso electoral, dentro dunha candidatura cidadá de unidade popular, explorando as diferentes posibilidades e alternativas de cara a presentarse ás eleccións. A nosa formulación parte da convicción de que non debemos quedar ao marxe do proceso electoral, é tempo de mover ficha.

Os concellos son unhas das institucións máis corruptas do país e, concretamente, na Coruña asistimos a un escenario salpicado por diferentes operacións de corrupción (“Pokémon”, “Pikachu” e “Operación Zeta”). Consideramos esencial participar nunha iniciativa popular para chegar ata María Pita. Nela deberán ter un importante papel os movementos sociais da cidade. Queremos unha nova forma de facer política, dende a honradez e a honestidade, cun programa electoral coa participación da sociedade civil e que representará un **contrato social** coa cidadanía, no que deberanse render contas sobre o seu cumprimento.

Dende CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA defendemos un proxecto político inclusivo, no que caibamos todas e todos a partir da articulación de unidades populares e fuxindo das etiquetas ideolóxicas. Trátase de aglutinar forzas en lugar de dividilas. Un proxecto gañador ten que ser novo, centrado nas cousas que nos unen: a loita contra a corrupción, a defensa dos dereitos sociais e dos servizos públicos, o apoio aos máis vulnerables e a recuperación da dignidade e da ética na política.

2. A PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DE PODEMOS PARA OS PROCESOS MUNICIPALISTAS

A nosa formulación de partida sería o de iniciar contactos coas plataformas e iniciativas cidadás que representen unha nova forma de facer política, de cara a un diálogo e interlocución constantes para a incorporación a un proxecto municipal para a cidade da Coruña, deixando claro unha serie de principios irrenunciáveis:

1. Primarias abertas para elixir aos compoñentes da lista electoral, dende o primeiro posto ata o último, unicamente corrixibles por criterios de xénero.
2. Rexeitar formas da vella política. A candidatura en ningún caso deberá supoñer unha mera suma de siglas, froito dunha negociación opaca entre partidos.
3. Transversalidade. As candidaturas de unidade cidadá e popular non buscarán situarse na esquerda ou na dereita, senón ocupar a centralidade do taboleiro político, cun carácter rupturista cara o sistema vixente.
4. Limitación salarial dos concelleiros a 3 salarios mínimos como máximo.
5. Impedir ás portas xiratorias. A política non debe de ser un trampolín para medrar profesionalmente.
6. Permanencia máxima de dúas lexislaturas no Concello para os cargos electos.
7. Garantir que non se cobren salarios ou remuneracións, calquera que sexa a súa denominación, pola pertenza aos Consellos de Administración de ningún Ente ou Organismo Público, derivada do exercicio das funcións públicas.
8. Renunciar a calquera plan ou fondos públicos, moderar os custes de transporte e aloxamento axustándose as dietas e indemnizacións por razón de desprazamento,

aloxamento ou manutención, non poderán superar as establecidas normativamente para o persoal funcionario ou laboral nin, no caso de empresas públicas e organismos asimilados, as que cobra o persoal do mesmo Convenio Colectivo. Rexeitarán as dietas de altos cargos da Administración.

De non chegar a un acordo, propoñemos impulsar unha candidatura cidadá de unidade popular, baixo a forma xurídica de agrupación de electores, na que teña cabida a sociedade civil organizada e os movementos reivindicativos e asociativos do tecido social da cidade, coas mesmas premisas que as enumeradas anteriormente.

Independentemente da vía elixida, hai que ter moi presente que a marxe de actuación no terreo municipal a día de hoxe é moi limitada. O Concello da Coruña, encóntrase actualmente atado de mans polas restricións orzamentarias, e gran parte do seu orzamento destinase ao pago das débedas contraídas. Aínda así pensamos que hai marxe para facer as cousas doutro xeito, poñendo a política ao servizo da ética.

Dende o goberno:

1. Auditando a xestión das corporacións anteriores para comprobar si se axustan á legalidade.
2. Optimizando os recursos dispoñibles.
3. Establecendo orzamentos participativos.
4. Prescindindo de gastos superfluos e innecesarios, para destinalos aos colectivos máis desfavorecidos e ás políticas sociais.
5. Apartando da xestión con capacidade de decisión aos imputados nos casos de corrupción, ata que estes non se resolvan no xulgado.

Dende a oposición:

1. Fiscalizando a acción do goberno.
2. Destapando irregularidades e nepotismos.
3. Denunciando os casos de corrupción que se detecten.
4. Persoándonos si é necesario como acusación particular nos procesos penais que puideran derivarse ao respecto.

Dende CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA queremos tamén deixar claro que en PODEMOS a soberanía reside na Asemblea Cidadá, e como garantes están o Círculo como motor social e o Consello Cidadán municipal como motor político. A relación entre ambos debe ser de total colaboración e respecto mutuo, sen perder en ningún momento a horizontalidade, rasgo definitorio fundamental do método de PODEMOS. Será unha prioridade do Consello Cidadán municipal manter unha interlocución fluída e permanente co Círculo, traballando todas xuntas e xuntos, para acadar as nosas metas, convencidos de que **SI SE PODE**.

3. MUNICIPALISMO: TRANSPARENCIA, PARTICIPACIÓN E DEREITO A CIDADE E AO MEDIO AMBIENTE

CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA, quere deixar de manifesto cales son os seus principios fundamentais:

1. **Empoderamento**, entendido como o descubrimento do noso potencial como cidadáns para acadar unhas metas e fins compartidos, que serían neste caso conseguir unha maioría, para que a economía estea ao servizo da política e non á

inversa.

2. **Participación**, cunha función de mobilización e organización da cidadanía, para que individuos, asociacións e comunidades participen activamente na realización dun proxecto político, creando as condicións necesarias para unha sociedade máis xusta e equitativa.
3. **Transparencia e rendición de contas**, como ferramentas para elevar o nivel de confianza dos cidadáns nas institucións e para construír unha administración máis eficaz que logre mellores resultados, garantindo que os cidadáns teñan acceso a toda a información sobre o gasto público.
4. **Xustiza Social**, baseada nos valores de xustiza, igualdade, respecto pola diversidade, acceso á protección social, e na aplicación dos dereitos humanos en todos os ámbitos da vida.
5. **Respecto ao medio ambiente**, apostamos por un modelo de cidade respectuoso co medio ambiente e totalmente contrario ao maltrato animal.

Pensamos que outra Coruña é posible. Porque agora **CLARO QUE PODEMOS**.